

Que podemos facer?

As distintas Administracións teñen a obriga legal de avaliar a calidade do aire, informar á cidadanía e pór en marcha planos para a mellora da súa calidade alí onde ésta for deficitaria.

Por iso, debemos esixir que se nos transmita unha información clara e transparente, que se publiciten os planos de emerxencia e de actuación estratéxica para a mellora da calidade do aire e se aumenten os recursos destinados á saúde pública. Unha reivindicación que debemos facer chegar ás autoridades municipais e das Comunidades Autónomas, así como ao Goberno central para que force ao cumprimento da normativa en calidade do aire.

Sen esquecermos, ademais, que todo problema ambiental é o resultado da suma de moitos comportamentos individuais. Por iso, non uses o coche máis que cando for imprescindible, e desprázate andando, en bicicleta ou transporte público. A túa saúde e a dos teus concidadáns e concidadás agradeceracho.



www.ecologistasenaccion.org

Andalucía: Parque San Jerónimo, s/n, 41015 Sevilla Tel./Fax: 954903984
andalucia@ecologistasenaccion.org

Aragón: C/ Cantín y Gamboa 26, 50002 Zaragoza Tel./Fax: 976398457
aragon@ecologistasenaccion.org

Asturies: C/ San Ignacio 8 bajo, 33205 Xixón Tel: 985337618
asturias@ecologistasenaccion.org

Canarias: Paseo de Chil 13, 35014 Las Palmas de Gran Canaria Tel: 928362233 -
922315475 canarias@ecologistasenaccion.org

Cantabria: Apartado nº 2, 39080 Santander Tel: 942240217
cantabria@ecologistasenaccion.org

Castilla y León: Apartado nº 533, 47080 Valladolid Tel: 983210970
castillayleon@ecologistasenaccion.org

Castilla-La Mancha: Apartado nº 322, 19080 Guadalajara Tel: 659155339
castillalamancha@ecologistasenaccion.org

Catalunya: Can Basté - Passeig. Fabra i Puig 274, 08031 Barcelona
catalunya@ecologistesenaccio.org

Ceuta: C/ Isabel Cabral nº 2, ático, 51001 Ceuta ceuta@ecologistasenaccion.org

Comunidad de Madrid: C/ Marqués de Leganés 12, 28004 Madrid
Tel: 915312389 Fax: 915312611 comunidaddemadrid@ecologistasenaccion.org

Euskal Herria: C/ Pelota 5, 48005 Bilbao Tel: 944790119
euskalherria@ekologistakmartxan.org

Extremadura: C/ Vicente Navarro del Castillo bl.A ptal 14, 06800 Mérida
Tel: 609681976 extremadura@ecologistasenaccion.org

La Rioja: C/ Carnicerías 2, 1º, 26001 Logroño Tel./Fax 941245114
larioja@ecologistasenaccion.org

Melilla: C/ Colombia 17, 52002 Melilla Tel: 630198380
melilla@ecologistasenaccion.org

Navarra: C/ San Marcial 25, 31500 Tudela
Tel: 626679191 navarra@ecologistasenaccion.org

País Valencià: C/ Tabarca 12 entresol,
03012 Alacant Tel: 965255270
paisvalencia@ecologistesenaccio.org

Región Murciana: C/ José García
Martínez 2, 30005 Murcia Tel: 968281532 -
629850658 murcia@ecologistasenaccion.org

Máis información:
airelimpio@ecologistasenaccion.org
www.ecologistasenaccion.org



Tráfego e contaminación do aire

ECOLOGISTAS
en acción

Subvencionado por:





Calidade do aire

A perda progresiva da calidade do aire nas cidades e municipios españolas converteuse nunha seria ameaza para a saúde e o benestar da poboación, ademais dun severo problema ambiental. Os períodos máis críticos de contaminación prodúcense tanto en inverno, pola persistencia dos anticiclóns que manteñen estable a atmosfera dificultando a dispersión dos contaminantes, como en verán, debido á forte presenza de ozono troposférico. Mais tamén hai problemas coa calidade do aire noutras épocas, e moitas cidades e municipios sufren unha alta contaminación boa parte do ano.



O grande volume de tráfico de vehículos a motor, que cada vez medra máis, é a principal causa da degradación do aire que respiramos. En determinados lugares, tamén son importantes outro tipo de fontes contaminantes (centrais térmicas, industria...). Alén diso,

hai importantes problemas de contaminación atmosférica nas proximidades das grandes autovías e autoestradas e nos arredores dos aeroportos.

Coche e cidade

Na maioría das cidades, o coche é indubidablemente a principal causa da contaminación atmosférica. Para recuperarmos un aire san é indispensable a racionalización das cidades, diminuíndo as necesidades de mobilidade motorizada e o uso excesivo do automóbil. Este obxectivo pasa inevitablemente por adoptar medidas que limiten o crecemento do urbanismo disperso e o uso do automóvil privado, á vez que se potencian



os medios de transporte menos contaminantes: o transporte público e a marcha a pé e en bicicleta.

Cómpre xa que logo aplicar medidas concretas que desincentiven a utilización do coche, sobre todo nas zonas máis contaminadas, e limiten os seus impactos. Falamos de medidas como a ampliación de beirarrúas e redución de espazo para o coche, limitacións de velocidade, restricións ao estacionamento, peaxes urbanas disuasorias, etc. Ao mesmo tempo é necesario promover un mellor transporte público e os medios non motorizados: carrís BUS segregados, aumento das áreas peonís e o estímulo da marcha a pé nas cidades; a creación e protección de espazos para a circulación e estacionamento de bicicletas; a reforma de vias pacificadas para que poidan ser partillados entre os distintos medios de transporte sen riscos; a admisión de bicicletas en todos os transportes públicos...

No que atinxe aos transportes públicos, apostamos polo potenciamento do seu uso e extensión nas súas formas menos impactantes e en particular polos servizos de transporte urbano con vehículos pouco contaminantes e eficientes enerxeticamente.

A mellor forma de planificar e implantar estas medidas, e que estean coordinadas co desenvolvemento urbanístico, é mediante a elaboración (coa participación de veciños e organizacións sociais) e posta en práctica de Planos de Mobilidade Urbana Sustentable.

Ademais, contrariamente á tendencia actual, cómpre desincentivar e limitar o uso do transporte aéreo, así como impor

taxas ecolóxicas ao uso dos automóviles e avións, que sirvan para mellorar o transporte colectivo, de peóns e alternativo.

Contaminación e saúde

A contaminación atmosférica afecta a nosa saúde dun xeito intenso mais lento, non sempre apreciable en curtos lapsos de tempo. Diversas investigacións puxeron de relevo a súa relación coa aparición e agravamento de enfermidades respiratorias, así como doutras doenzas asociadas, como as vasculares e os cancros. Tamén é moi clara a súa relación co incremento das alerxias que tanto merman a calidade de vida de moitas persoas. O problema é dunha enorme magnitude: segundo o Ministerio de Medio Ambiente, 16.000 persoas morren prematuramente cada ano no Estado español a causa da contaminación atmosférica, ¡cinco veces máis que por accidentes de tráfico!

A lexislación comunitaria progresivamente vai rebaixando os niveis de contaminación recomendables para a saúde nas cidades, un fenómeno que coincide coa crecente deterioración da calidade do aire no Estado español.

Malia a gravidade do problema, na maioría do Estado non se tomaron medidas eficaces para evitalo. Demostrouse que mesmo pequenas reducións nos niveis de contaminación teñen efectos positivos inmediatos sobre a saúde pública. Segundo o programa europeo CAFE, os custos económicos causados pola mala calidade do aire son moi superiores ao que custaría pór en marcha medidas para mellorar a situación.

Podes achar moita información sobre este problema e as súas solucións en www.ecologistasenaccion.org/aire y en www.verdegaia.org

